

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 17.01.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.05 h do 17.01.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Painceiras, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Angeles Coira López, Ana Basoa Rioboo, Marta Pereiro Calvo e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten: María del Mar Piñeiro Otero e Antón Lois Noceda Carballo

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro.

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 6 votos a favor (2 do grupo municipal do Partido Popular, 3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do grupo Mixto municipal) e 1 abstención (do grupo municipal do Partido Socialista):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS DE OS BUIOS, O REDONDO, O FEAL, LUBIÁN E O PIÑEIRO.

EXPEDIENTE 2020/U032/000001

De conformidade co artigo 60.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 144.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o regulamento da Lei 2/2016, o Concello de Fene remitiu o 30.12.2020 o borrador da modificación puntual PXOM de Fene - delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro e o documento ambiental estratéxico ao Servizo de Avaliación Ambiental de Plans da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a emisión do informe ambiental estratéxico.

O 30/03/2021 emitiuse unha Resolución pola que se formula o Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (expdte. 2021AAE2521). Nesta Resolución con referencias a cuestións formuladas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o I.E.T. e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, acórdase non someter a modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

No DOG núm. 73 do 20.04.2021 faise publico o informe ambiental estratéxico sobre a modificación puntual do PXOM-delimitación dos núcleos rurais dos Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro.

O 05.07.2021 e RXE na sede electrónica núm. 202199900002589 achégase documento da modificación puntual para a aprobación inicial redactado por Alfredo Garrote Pazos e Sara Prieto Hortas.

O 19.07.2021 e RXE na sede electrónica núm. 202199900002690 achégase resumo executivo da modificación puntual.

O 18.11.2021 a secretaria municipal, Estefanía Manteiga Lamas e o enxeñeiro municipal, Lino Ameneiro Seijo asinan un informe conxunto relativo á aprobación inicial da modificación puntual.

O Pleno na súa sesión ordinaria do 02.12.2021 acorda:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (Arq. Col. 1440 COAG) e Sara Prieto Hortas (Arq. Col. 5012 COAG).

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo que se achega coa documentación presentada, nos que se inclúen as zonas obxecto de suspensión de licenzas.

Terceiro.- Notificar individualmente ás persoas titulares das parcelas catastrais que modifican a súa clasificación urbanística total ou parcialmente de solo urbano e solo apto para urbanizar a solo de núcleo rural.

Cuarto.- Solicitar os informes sectoriais seguintes:

1. Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, art. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e art. 68 do RD 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
2. Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia de telecomunicacións, segundo o disposto no art. 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
3. Informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (por existencia de costa no Concello en base ao artigo 117.2 da Lei 22/1988 de Costas).
4. Informe do Ministerio de Fomento (Transportes e Axenda Urbana) (por existencia de liña de FF.CC. en Fene, artigo 7.2 Lei 38/2015).
5. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento (servidumes aeronáuticas, artigo 29 Decreto 584/1972).
6. Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (art. 102 do Decreto 20/2011)
7. Informe de Augas de Galicia (art. 25.4 RDL 1/2001, 22.3 RDL 7/2015 e afección a diversos ríos)
8. AXI (art. 23.2 da Lei 8/2013)
9. Deputación Provincial da Coruña (art. 23.2 da Lei 8/2013)
10. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural / Xunta de Galicia (art. 34.2 Lei 5/2016)
11. Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (art. 70.2 b) Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia)
12. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal (art. 66 da Lei 7/2012 de montes de Galicia)
13. Instituto de Estudos do Territorio (art. 7 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia)
14. Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil ao abeiro da DA 5ª DA Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
15. Informe de Portos de Galicia (art. 40.7 Lei 6/2017 de Portos de Galicia)”

Trala aprobación inicial da modificación puntual, solicitáronse os informes sectoriais pertinentes, constando no expediente recibidos os que seguen:

- 1.- Informe favorable da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior do 28.01.2022 e no que indica que non é necesario someter a modificación puntual ao informe da Comisión Galega de Protección Civil.
 - 2.- Informe do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana do 01.02.2022 no que se indica que a modificación puntual non presenta afeccións a infraestruturas xestionadas polo Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana.
 - 3.- Informe favorable do Ministerio de Defensa do 08.02.2022.
 - 4.- Informe da Dirección Xeral de Política Enérxetica e Minas o 11.02.2022 no que entre outras cousas se indica, en relación ás liñas eléctricas fai un relatorio das disposicións legais aplicables, sen concluír. No referente ás infraestruturas gasistas informa que polo termo municipal de Fene recorren dous gasoductos que competen á Administración Xeral do Estado indicando a normativa de aplicación.
 - 5.- Informe favorable da Dirección Xeral de Telecomunicacións do 18.02.2022.
 - 6.- Informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 23.02.2022 que conclúe no que no Concello de Fene non existe ningún solo declarado como contaminado e que non existe ningunha información inventariada no Rexistro de Calidade dos Solos de Galicia sobre afeccións á calidade dos solos no ámbito do citado proxecto.
 - 7.- Informe favorable do Portos de Galicia do 18.03.2022.
 - 8.- Comunicación da Demarcación de Costas de Galicia do 29.03.2022 na que indica que o ámbito obxecto da modificación puntual non é competencia da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
 - 9.- Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do 01.04.2022 favorable en lo que a servidumes aeronáuticas se refire, sempre e cando as construcións propostas u obxectos fixos (postes, antenas e carteis, etc) non vulneren as servidumes aeronáuticas.
 - 10.- Informe do Instituto de Estudos do Territorio que indica que a modificación puntual axústase ás disposicións normativa en materia da paisaxe.
 - 11.- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 22.04.2022 condicionado á realización das correccións relativas ás fichas do Catálogo e da Normativa, así como a eliminación do topónimo A Torre (TO15035) do Catálogo.
 - 12.- Informe da Axencia Galega Infraestruturas (AXI) do 25.04.2022 desfavorable sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia, no que se indica que: "O documento do instrumento de planeamento urbanístico municipal que incorpore os cambios necesarios para dar cumprimento ao recollido neste informe deberá ser sometido de novo ao informe da Axencia Galega de Infraestruturas. Ese documento deberá acompañarse dun informe no que se analicen os aspectos a corrixir que se indican neste informe e se explique a forma na que se lles ten dado cumprimento."
- O 08.06.2022 remítese a AXI, mediante un enlace de descarga, a documentación presentada o 07.06.2022 e RXE na sede electrónica núm. 202299900001426 polo equipo redactor, documento de aprobación inicial - addenda 01 e un escrito de contestación ao requirimento de documentación adicional de Augas de Galicia á MP Pxom Fene - delimitación dos núcleos de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro, redactado polos arquitectos redactores Alfredo Garrote Pazos e Sara Prieto Hortas.
- O 16.09.2022 remítese á AXI catro planos modificados da addenda 01 que deben substituír aos remitidos o 09.06.2022.
- O 23.09.2022 a AXI emite informe favorable con respecto á afección da modificación puntual do PXOM sobre a Rede Autonómico de Estradas de Galicia.
- 13.- Deputación provincial: acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 06.05.2022 na que se *aproba a emisión dun informe sobre a "aprobación inicial da modificación puntual do PXOM para a delimitación dos núcleos rurais de os Buios, O redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro no concello de Fene", consonte as observacións e condicións sinaladas polos pronunciamentos técnicos que figuran expostos na proposta de referencia*

C-0
36E
150
P-
F:
CL

14.- Informe favorable do Servizo de Montes da Coruña do 04.07.2022 condicionado a ter en conta na normativa as implicacións da normativa sectorial forestal.

15.- Informe favorable de Augas de Galicia do 16.11.2022.

O expediente estivo exposto ao público dende o 01.02.2022 ata o 31.03.2022, tal e como resulta do anuncio publicado no DOGA o 31.01.2022.

Asemade, notificouse de forma individualizada a todos os titulares catastrais afectados.

Recibíronse as seguintes alegacións que foron analizadas, tal e como se indica, polo equipo redactor no seu informe emitido, así como no informe emitido o 29.12.2022 polo enxeñeiro municipal e a secretaría municipal:

1.- Alegación presentada por María Estrella e Manuela Ribera Cabado o 22.02.2022 (registro xeral de entrada núm. 754 na que alega a inclusión da totalidade da parcela catastral 15036A00900520 dentro da delimitación do núcleo rural de O Feal.

INFORME REDACTOR:

A parcela semella incluída na delimitación de solo non urbanizable sen protección especial con tolerancia de edificación de grao 2º do núcleo de Feal (SNU U-2º) no PXOU-1985 e está actualmente en terreos clasificados como solo rústico apto para urbanizar (SRAU). As condicións topográficas e hidrográficas son adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía sen pavimentar e que non dispón dos servizos existentes no núcleo pero atópase a escasa distancia dunha pista pavimentada e que dispón de rede de saneamento, polo tanto as obras de pavimentación e de conexión cos servizos poderíanse resolverse simultaneamente coas de edificación. Por último compre considerar que as parcelas situadas ao norte e leste están incluídas na delimitación do SNR e polo tanto se pode considerar que a que é obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.

Non en tanto o fondo total da parcela semella excesivo, polo tanto, e para evitar posicións da edificación excesivamente afastadas do viario que desvirtúen a trama rural do núcleo enténdese que se debe limitar o fondo a incluír dentro da delimitación do núcleo ao da parcela lindeira polo norte.

PROPOSTA REDACTOR

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación parcial** da alegación no senso de incluír parte da parcela catastral 15036A00900520 na delimitación do SNR de O Feal.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

A inclusión desta parcela supón tamén a inclusión parcial da colindante ao leste, obxecto da alegación nº2, xa que non estaba incluída na súa totalidade inicialmente. Polo que estas alegacións son solidarias e o seu análise é conxunto.

Topográficamente a parcela encóntrase nunha situación favorable, con suave pendente cara o SurOeste. Hidrográficamente fora de zonas con afección a cauces.

O camiño de acceso non está pavimentado e ten anchura irregular. En canto a servizos, o saneamento, está prevista a construción dun ramal de saneamento no vial municipal próximo. O cal é conforme ao punto 5 do artigo 36 do RLSG.

A inclusión parcial non supón o crecemento inxustificable do ámbito do núcleo nin dirixido por vías de comunicación, nin retículas, nin cara corredores ecolóxicos ou áreas de protección.

A resolución proposta non supón ocupación de bolsas de solo agrario.

As parcelas situadas ó leste e o Norte, están incluídas na delimitación, é consistente incluír a parcela para completar un peche regular do núcleo.

A inclusión parcial é axeitada, debido a excesiva profundidade da parcela. A proposta é axeitada e suficientemente xustificada.

C-0
06E
150
P-
E:
CL

2.- Alegación presentada por María Estrella e Manuela Ribera Cabado o 22.02.2022 (registro xeral de entrada núm. 755) na que alega a inclusión da totalidade da parcela catastral 001000100NJ61B na delimitación do núcleo rural de O Feal .

INFORME REDACTOR:

Entendemos que o que se solicita na alegación é a inclusión da totalidade da parcela catastral na delimitación do núcleo xa que a zona na que se sitúan as edificacións existentes está dentro da delimitación proposta no documento aprobado inicialmente. A estes efectos compre considerar que o límite do núcleo previsto en relación á parcela catastral 001000100NJ61B semella escaso xa que recolle case que estritamente as edificacións existentes, polo que semella razoable acceder ao solicitado e levar o límite ao fondo total da parcela que ten unha superficie total segundo o catastro de 840 m².

PROPOSTA REDACTOR

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a totalidade da parcela catastral 001000100NJ61B na delimitación do SNR de O Feal.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

As condicións da parcela son iguais ás da alegación nº1, dado que son colindantes, e a súa consideración é solidaria. O informado na alegación nº1 é aplicable nesta mesma alegación. A inclusión total da parcela é favorable a establecer un límite claro e regular do núcleo nesta zona sen presentar factores en contra, tal como se referenciou na análise da alegación nº1. Polo tanto a aceptación considérase axeitada e suficientemente xustificada.

3.- Alegación presentada por M^a de los Angeles Pereira Maceira o 28.02.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000000812)na que alega a inclusión parcial da parcela catastral 15036A01400382 dentro da delimitación do núcleo rural de Lubián.

INFORME REDACTOR:

A parcela semella incluída parcialmente na delimitación de SNU U-2^o do núcleo de Lubian no PXOU-1985 e está actualmente en terreos clasificados como solo rústico apto para urbanizar (SRAU). As condicións topográficas e hidrográficas son adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía pavimentada que non dispón dos servizos existentes no núcleo pero a escasa distancia cara o sur existe rede de saneamento, polo tanto as obras de pavimentación e de conexión cos servizos poderíanse resolverse simultaneamente coas de edificación. Por último compre considerar que as parcelas situadas ao norte, sur e oeste están incluídas na delimitación do SNR e polo tanto se pode considerar que a que é obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír parte da parcela catastral 15036A01400382 na delimitación do SNR de Lubián.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Na alegación presentada co número de registro 20220000000812 referéncianse dúas parcelas. Cando se indica no impreso, só unha parcela por alegación. Non obstante, no contido gráfico da alegación identifícase a parcela 15036A100040101000Y.

No documento INFORME DE ALEGACIÓNS do equipo redactor, ésta alegación aparece con un número de parcela distinto, que non se corresponde con ningún dos presentados. No informe

o redactor indica que a parcela estaba incluída na delimitación SNU U-2º de Lubián, segundo o PXOU-1985, o cal é incorrecto. No anterior PXOU-1985 estaba clasificada como SNU-C. De calquera modo nos planos de Ordenación P.O.-01.3 figura incluída parcialmente a parcela, e por tanto aceptada a alegación.

Según o PXOU-1985 a parcela estaba incluída na delimitación Solo Non Urbanizable con predominancia de cultivos SNU-C. No PXOM-2003 a parcela figura incluída en SRAU, con réximen de Solo Rústico (D.T.1ª LSG). Non obstante as seguintes indicacións do redactor da MP son correctas:

“As condición topográficas e hidrográficas son adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía pavimentada que non dispón dos servizos existentes no núcleo pero a escasa distancia cara o sur existe rede de saneamento, polo tanto as obras de pavimentación e de conexión cos servizos poderíanse resolverse simultaneamente coas de edificación. Por último compre considerar que as parcelas situadas ao norte, sur e oeste están incluídas na delimitación do SNR e polo tanto se pode considerar que a que é obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.”

A aceptación do contido da alegación, e inclusión parcial da parcela 15036A01000395000YH está convenientemente xustificada. Non obstante, queda a pendente de aclarar as contradicións sinaladas.

(D.T.1ª LSG). Non obstante as seguintes indicacións do redactor da MP son correctas:

“As condición topográficas e hidrográficas son adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía pavimentada que non dispón dos servizos existentes no núcleo pero a escasa distancia cara o sur existe rede de saneamento, polo tanto as obras de pavimentación e de conexión cos servizos poderíanse resolverse simultaneamente coas de edificación. Por último compre considerar que as parcelas situadas ao norte, sur e oeste están incluídas na delimitación do SNR e polo tanto se pode considerar que a que é obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.”

A aceptación do contido da alegación, e inclusión parcial da parcela 15036A01000395000YH está convenientemente xustificada. Non obstante, queda a pendente de aclarar as contradicións sinaladas.

4.- Alegación presentada por Carla Prego Barquín o 01.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000000837) na que alega a inclusión da parcela catastral 15036A014003820000YO dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios

INFORME REDACTOR

1. A parcela está situada na zona de “As Queiras”, á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. Estas alegacións solicitan a clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é “Os Cadavás” que si se integrou dentro da delimitación do núcleo rural.

As razóns que se argumentan na meirande parte das alegacións baséanse de xeito resumido en que o lugar de As Queiras está recollido no Nomenclátor con topónimo diferenciado, que estes terreos estaban clasificados no PXOU-1985 como SNU U-2º e no PXOM-2003 vixente como SRAU, que existen mais de 10 vivendas, que os terreos dispoñen de acceso rodado por vial público e que contan cos servizos básicos de saneamento, alumeadado público e conexión á rede de subministración eléctrica.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona para comprobar si se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG:

- Identificación e diferenciación nos censos e padróns oficiais: O lugar de As Queiras aparece como asentamento no plan básico autonómico (PBA) e está recollido tanto no Nomenclátor de Galicia como no Padrón do concello de Fene.

- Grao de consolidación polas edificacións: Na zona considerada existen 14 parcelas edificadas e un total de 42 parcelas edificables o que supón que se acada o grao de consolidación de 1/3 da superficie que é o mínimo legal para o solo de núcleo rural común.

- Tipoloxía e antigüidade das edificacións: A meirande parte das construcións son de carácter contemporáneo. Na fotografía aérea do voo americano tan só se aprecia unha edificación que coincide coa situada na parcela con referencia catastral 000901100NJ61B, segundo as testemuñas de diversos veciños e responsables municipais e conforme aos datos aportados polos seus propietarios, esta edificación aparece recollida nos rexistros parroquiais dende finais do s. XVIII ou principios do XIX como “Casa de Xandias”.

- Antecedentes existentes de delimitacións anteriores (PXOU-1985 e PXOM-2003): A clasificación dos terreos desta zona no PGOU-1985 era a de solo non urbanizable sen protección especial con tolerancia de edificación tipo C con predominancia de cultivos (SNU-C), non en tanto, esta clasificación e cualificación do solo propiciou o crecemento residencial nesta zona entre finais dos anos oitenta do século pasado e o ano 2000. No PXOM-2003 os terreos están clasificados como SRAU.

- Condicións topográficas, hidrográficas e elementos naturais existentes: A zona é practicamente chaira e non existen cursos de auga nin elementos naturais salientables.

- Estrutura da propiedade: A meirande parte das parcelas oriéntanse cara as vías de acceso e amosan unha xeometría adecuada para asentar edificacións. Nalgúns casos teñen un fondo excesivo e unha superficie elevada.

- Nivel de integración nas dotacións e servizos: As dúas vías que serven de acceso ás vivendas e edificacións contan cos servizos municipais de saneamento de augas residuais e alumeadado público. Segundo os datos que constan nos planos do servizo municipal de saneamento tan só hai cinco parcelas, tres delas edificadas, no vial situado na zona oeste que vai cara ao Polideportivo de Magalofes que están sen conexión a esta rede, supoñemos que por problemas de pendente. Na zona SO localizase unha pista polideportiva con graderío e vestiarios.

- Afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio (IOT): Consultado o visor do PBA non constan afeccións sectoriais nin IOT que afecten aos terreos do asentamento de As Queiras.

En base ao análise anterior entendemos que o asentamento de “As Queiras” debe ser incluído dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios como solo de núcleo rural común de grao 2 (SNRC-2). O motivo de aplicar o grao 2 é debido a que, tal e como indicamos con anterioridade, a edificación existente nesta zona provén da aplicación da ordenanza SNU-C cuxas condicións para o uso residencial eran as seguintes:

- Vivenda familiar illada, vinculada á parcelación rústica e a uso agropecuario.
- Superficie mínima da parcela: 2000 m².
- Fronte mínima de parcela: 12 metros.
- Recuados respecto da aliñación interior: 3,00 metros.
- Edificabilidade neta: 0,10 m²/m².
- Superficie máxima construíble: 400 m².
- Altura máxima: PB+1P = 7,00 metros.
- Superficie máxima ocupada: 10%.
- Separacións mínimas:
 - Aliñacións: 3,00 metros.
 - Laterais: 3,00 metros.
 - Edificacións existentes: 6,00 metros,
- Superficie máx. Edificacións auxiliares: 100 m²

No caso concreto da parcela obxecto da alegación tendo en conta o seu fondo e superficie catastral (2280 m²) que non permite segregacións entendemos que se pode aceptar a alegación incluíndoa no núcleo rural.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 15036A01400382 na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Analízase conxuntamente as alegacións nº4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35 Sobre a xustificación da inclusión completa do lugar denominado "As Queiras", cabe salienta que supón a inclusión dunha superficie dunhas 3,5 Has. Aínda que o grao de consolidación actual é o mínimo esixible para o Solo de Núcleo Rural Común (1/3), é unha consolidación moi inferior ao resto dos núcleos incluídos na MP, e en particular de Os Buios (no entorno do 50%)

No I.A.E., a DXOTU sinala que se deben evitar delimitacións forzadas que inclúan parcelas alleas ó núcleo.

O IET, fai incidencia no mesma liña, sinalando que se deben evitar incluír parcelas funcionalmente non relacionadas co núcleo, manter as bolsas de solo agrario das "coroas" ou contornos dos núcleos tradicionais, e se debe evitar dirixir o crecemento cara corredores ecolóxicos sinalados no POL., todo elo de acordó coas directrices da paisaxe D.X.09.b e D.X.09.c

Con todo elo no I.A.E. recóllese: "*Evitarase a delimitación forzada do núcleo que deriva da inclusión de edificacións que non gardan unha relación funcional con el (directriz de paisaxe DX.09.b) e evitarase tamén dirixir o crecemento do núcleo cara o corredor (artigo 38 do POL).*"

Así mesmo, o obxecto da MP, é: "*A delimitación dos núcleos rurais que se propón na presente figura de planeamento pretende compactar os núcleos existentes de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubiáns e Piñeiro consolidando as zonas ocupadas polas edificacións existentes e evitando novos crecementos ao longo das vías supramunicipais que nalgún dos casos constitúe o eixe principal sobre os que se asentán.*", recollendo a Determinación Excluinte 3.1.5.d das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT):

"*d. Priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Asemade, evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación.*"

A inclusión da zona de "As Queiras" pode suponer a orientación do crecemento do núcleo cara novas vías de comunicación, sendo zonas nas que a consolidación apenas alcanza o mínimo esixido polo RLSG.

Os antecedentes de planificación son SNU-C, no PXOU-1985, no que a tipoloxía edificatoria permitida era asociada á actividade agropecuaria. O cal indica que funcionalmente está diferenciado do resto do núcleo que estaba clasificado como SNU-U1 ou SNU-U2.

Tamén se indica no documento que ésta zona garda similitude coa zona de "As Cádavas", que si ben ten a mesma morfoloxía, funcionalmente ten outro carácter, xa o desenvolvemento do núcleo ao longo do vial municipal actúa como vínculo de unión do propio núcleo tradicional de "As Cádavas" co eixe principal de "Os Buios". Circunstancia que non se da en "As Queiras"

Así pois, tendo en conta que non se encontra nos criterios de análise unha xustificación clara ao cambio de clasificación desta área, que supón a inclusión de un elevado número de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado, é preciso ter en consideración o artigo 33.2 do RLSG, que di:

"...

Xustificarase a necesidade de crecemento no caso de inclusión de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado."

Polo tanto e dada a relevancia da inclusión deste sector de solo, e a incidencia en criterios marcados pola I.A.E., derivados de informes da DXOTU e o IET, así como as DOT (3.1.5.d) e

C-0
06E
150
P-
E:
T.C

as directrices da paisaxe DX-09.b e DX-09c, parece conveniente **unha maior xustificación da aceptación deste grupo de alegacións.**

5.- Alegación presentada por Fernando Barros Fornos, en representación do Arzobispado de Santiago de Compostela o 01.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000583) na que alega incorporar a totalidade da superficie da parcela catastral 8822116NJ6182S (Casa reitoral) dentro da delimitación de solo de núcleo rural de O Redondo.

INFORME REDACTOR

1. A parcela obxecto de alegación amosa un fondo que chega ata os 87,00 metros no punto medio, ademais ten unha topografía cunha pendente considerable no fondo cara ao camiño peonil que a delimita polo lindeiro oeste e nesa zona posterior existe unha masa de arboredo.

Tal e como se indica na memoria, co fin de evitar posicións da edificación excesivamente afastadas do viario que desvirtúen a trama rural do núcleo adoptouse o criterio de que nas parcelas con fondo excesivo, como é a presente, se debe limitar a profundidade da delimitación do núcleo rural. Polo tanto propónse prolongar un pouco a delimitación do solo de núcleo rural cara o fondo da parcela pero sen chegar ao límite da mesma.

PROPOSTA REDACTOR

Propónse a **aceptación parcial** da alegación no senso de ampliar a superficie e fondo da parcela catastral 8822116NJ6182S dentro da delimitación do núcleo rural de O Redondo.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o indicado no informe do redactor. Non supón supón a alteración morfolóxica forzada do núcleo, nin expansión do mesmo cara novos eixos, nin inclusión de parcelas ou zonas sin relación funcional. É acorde cos obxectivos da MP.

A proposta está **adecuadamente xustificada e é axeitada.**

6.- Alegación presentada por Adolfo López Ardao o 07.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202200000000878) na que alega a inclusión da parcela de referencia catastral 9023901NJ61920001KH no núcleo rural de O Redondo.

INFORME REDACTOR:

A parcela estaba clasificada en parte como solo urbano residencial unifamiliar de tipo U-2 no PXOU-1985 e mantén esta clasificación no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas. O acceso prodúcese por dúas vías pavimentada que contan cos servizos municipais existentes no núcleo de saneamento de augas residuais e alumeadado público. Por último compre considerar que tal e como se indica na alegación as parcelas da súa contorna inmediata están incluídas no solo de núcleo rural e mesmo ao sur se localizan os equipamentos públicos deste núcleo e polo tanto se pode considerar que a parcela obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír parte da parcela catastral 9023901NJ6192S na delimitación do SNR de O Redondo.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

C-0
36E
150
-P
E:
TC

Tanto as parcelas situadas ao Sur, coma ao NorOeste están incluídas no SNR da MP. No planeamento actural PXOM-2003 a parcela estaba incluída en SUCR. A inclusión consolida e homoxeneiza o núcleo. Non supón supón a alteración morfolóxica forzada do núcleo, nin expansión do mesmo cara novos eixos, nin inclusión de parcelas ou zonas sin relación funcional. É acorde cos obxectivos da MP.

A propósta **é axeitada e está adecuadamente xustificada.**

7.- Alegación presentada por Jesús Meizoso Sardiña o 11.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000961) na que alega incluír a totalidade da parcela con referencia catastral 15036A014004320000YB dentro da delimitación de solo de núcleo rural común

INFORME REDACTOR:

A parcela obxecto de alegación non só ten unha superficie e fondo excesivos senón que a súa morfoloxía é inadecuada para incluíla na súa totalidade dentro dos límites do núcleo rural debido a que a zona norte se sitúa na parte posterior doutra parcela xa edificada. A inclusión da totalidade da superficie na delimitación do núcleo rural suporía que se podería parcelar e mesmo situar unha edificación en “dobre fila” detrás da vivenda que se corresponde co inmovible con referencia catastral 8320801NJ6182S0001IS.

Non se comparten os argumentos da alegación polas razóns que se indican a continuación:

- A interpretación que se fai do axuste á topografía, elementos naturais, pegadas físicas e parcelario non responde en absoluto aos criterios de delimitación dos núcleos rurais que establecen na LSG. Coa interpretación que fai o alegante as parcelas de 200 ou 300 metros de fondo nas que non existan cambios bruscos de topografía, cursos de auga, etc, deberían incorporarse en toda a súa profundidade.
- O recuado de 3 m. da edificación non é obrigatorio ao cambio de clasificación senón aos lindeiros con outras fincas.
- Non se pode considerar como un criterio da delimitación dos núcleos rurais que os anacos que queden en solo rústico sexan “edificables”.
- A comparación coas parcelas mencionadas na alegación para acudir a supostos “agravios comparativos” é moi pouco afortunada. No caso da parcela con referencia catastral 15036A01400474 a superficie é de 1.946 m² que non da lugar a novos lotes e o fondo máximo non chega aos 50 metros. Por outra banda a inclusión da parcela catastral 8121801NJ6182S na súa totalidade ven obrigada pola inclusión da vivenda que está localizada no fondo da parcela.

Partindo do anterior non se pode aceptar a presente alegación no senso de incluír a totalidade da superficie da finca na delimitación do núcleo rural, non obstante, pensamos que se pode acceder a ampliar o fondo un anaco para que queden tres metros ao cambio de clasificación acadando unha profundidade en torno aos 50 m..

PROPOSTA REDACTOR:

Propónse a **aceptación parcial** da alegación no senso de ampliar a superficie e fondo da parcela catastral 15036A01400432 dentro da delimitación do núcleo rural de O Redondo para deixar un recuado de tres metros dende a vivenda existente ata o fondo do límite do núcleo.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o indicado no informe do redactor.

Non supón supón a alteración morfolóxica forzada do núcleo, nin expansión do mesmo cara novos eixos, nin inclusión de parcelas ou zonas sin relación funcional. É acorde cos obxectivos da MP.

A proposta de inclusión é coherente co criterio de deixar un fondo de parcela en torno aos 50 m.

A propósta **é axeitada e está adecuadamente xustificada.**

8.- Alegación presentada por Dolores Rodríguez Souto o 15.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001009) na que alega incluír a totalidade da superficie das parcelas con referencias catastrais 001600700NJ61B0000DQ e 15036A022004260000YX dentro da delimitación de solo de núcleo rural e incluír a parcela catastral 15036A024002900000YJ na delimitación do solo de núcleo rural.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela con referencia catastral 001600700NJ61B0000DQ ten unha superficie e fondo excesivos. Ademais a súa morfoloxía é inadecuada para incluíla na súa totalidade dentro dos límites do núcleo rural debido a que a zona intermedia sitúase na parte posterior doutras parcelas xa edificadas. A inclusión da totalidade da superficie na delimitación do núcleo rural suporía que se podería situar unha edificación en “dobre fila” detrás das vivendas mencionadas distorsionando claramente a estrutura do núcleo rural.

Dito o anterior compre sinalar que a zona sueste da parcela dispón de acceso por unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos municipais de saneamento, abastecemento de auga e alumeadado público, ademais as parcelas que a rodean polo oeste e sur están incluídas nos límites do núcleo rural. Polo tanto, entendemos que se pode incluír a parte da parcela que da fronte a esta vía coa finalidade de conformar unha nova parcela edificable dentro do núcleo rural de O Piñeiro.

2. A parcela catastral 15036A022004260000YX forma un paralelepípedo que ten unha parte perpendicular á estrada provincial DP-3501 e outra que forma un ángulo case que de 90º coa anterior que se sitúa por detrás doutras parcelas que dan fronte á mesma vía. A inclusión desa parte da parcela posibilitaría a situación dunha vivenda na parte posterior da delimitación do núcleo por detrás doutras existentes distorsionando a estrutura do núcleo rural. Debido ao anterior entendemos que non se debe acceder ao alegado en relación a esta parcela.

3. Por último a parcela con referencia catastral 15036A024002900000YJ non cumpre a condición de que as fincas situadas na marxe contraria estivesen incluídas na delimitación do núcleo. Criterio que se tivo en conta incluír algunhas das parcelas obxecto de alegación incluída a porción da que ten a referencia catastral 001600700NJ61B0000DQ obxecto das presentes.

Este criterio aplícase coa finalidade de poñer coto á delimitación dos núcleos e evitar que se produza o crecemento ilimitado ao longo dos camiños. Polo tanto propónse a desestimación desta alegación.

PROPOSTA REDACTOR:

En relación ás fincas obxecto desta alegación propónse:

a) A **aceptación parcial** da alegación referente á parcela catastral 001600700NJ61B0000DQ no senso de incluír unha parte da mesma non contemplada no documento de aprobación inicial situada no extremo sueste.

b) A **desestimación** da alegación referente ás parcelas catastrais 15036A022004260000YX e 15036A024002900000YJ.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o indicado no informe do redactor.

A propósta está **adecuadamente xustificada e é axeitada.**

9.- Alegación presentada por José Luís García Ponte o 17.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001037) na que alega a inclusión da parcela catastral 15036A020001820000YM dentro da delimitación do núcleo rural de O Piñeiro debido a que a parcela de enfrente está no núcleo e que dispón da totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. O fronte da parcela á estrada provincial DP-3501 estaba incluída na delimitación de SNU U-2º do núcleo de O Piñeiro no PXOU-1985 e está en terreos clasificados como SRAU no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas na zona que da fronte á vía. O acceso prodúcese pola estrada provincial que conta cos servizos urbanísticos municipais de saneamento, abastecemento de auga e alumado público. As parcelas que a rodean polo norte e leste están edificadas e inclúense nos límites do núcleo rural e polo tanto se pode considerar que a parcela obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a zona da parcela que da fronte á estrada provincial dentro da delimitación do SNR de O Piñeiro cun fondo duns 48 metros.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor. Obsérvase o seguinte:

- A parcela completa da alegación ten unas dimensións e forma non apropiada para ser incluída.
 - Adicionalmente dita parcela está afectada polo paso do Gasoducto Mugar dos-Guitiriz e unha Liña de Alta Tensión
- A inclusión parcial do fronte da parcela a estrada provincial DP-3501 e cun fondo de 50 m. parece unha solución axeitada**

10.- Alegación presentada por Carlos José Calvo Ribera o 22.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001116) na que alega o seguinte:

- A identificación das edificacións existentes na parcela como tradicionais nos planos da modificación puntual debido a que datan dos anos corenta e cincuenta.
- A inclusión da totalidade da parcela no tipo de solo de núcleo rural tradicional SNR-T1.
- A modificación das aliñacións no fronte á estrada DP-3503 para facelas coincidir coa vivenda e muro de pedra tradicional, fixando no seu caso, a aliñación regularizada para o caso de substitución da edificación.
- A inclusión do concepto de “aliñación regularizada” na normativa da modificación puntual.

INFORME REDACTOR:

1. Tendo en conta os datos aportados na alegación referente á descrición da edificación principal no título de propiedade no que consta que xa existía no ano 1952, o ano de construción que figura no catastro (1947) e a identificación da vivenda na fotografía aérea do voo americano, compre considerar esta edificación como vivenda tradicional e plasmala como tal nos planos da MP.

0-0
09E
150
P-
F:
T1

2. En consonancia co anterior inclúese a parte da parcela na que se sitúa a vivenda tradicional dentro do núcleo rural de tipo tradicional (SNRT), deixando a zona leste dentro do común (SNRC).

3. Partindo das circunstancias anteriores e considerando o tratamento que se da á totalidade das edificacións tradicionais que “invaden as aliñacións establecidas na MP”, establécese unha dobre aliñación sobre a vivenda existente na parcela, a normal que coincide coa liña de edificación que da fronte á estrada provincial DP-3503 e a regularizada situada a 16 metros da aliñación enfrontada. Non se pode dar o mesmo tratamento ao muro debido a que a aliñación regularizada soamente se aplica nas estradas provinciais ás edificacións e non aos muros agás en caso excepcionais de elementos catalogados, de acordo coas indicacións da administración titular destas vías.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

- A **aceptación** da alegación 1 no senso de identificar nos planos da MP a edificación principal existente como tradicional.
- A **estimación parcial** da alegación 2 cualificando a zona da parcela na que se sitúa a vivenda como SNRT.
- A **estimación parcial** da alegación 3, facendo coincidir a aliñación normal coa liña de edificación da vivenda tradicional existente e aplicando a aliñación regularizada de 16 metros ao resto da parcela.
- Incluir o concepto de alegación regularizada na normativa da MP.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Efectivamente a edificación aparece nas fotos do voo americano 1956-57, polo tanto procede a consideración da edificación como tradicional.

Inclúese nos planos de ordenación e na normativa da MP o concepto de aliñación regularizada. Apropiado para axustar a realidade das edificacións existentes á normativa de estradas provinciais e municipais.

Suscríbese o resto de consideracións do redactor.

Non supón supón a alteración morfolóxica forzada do núcleo, nin expansión do mesmo cara novos eixos, nin inclusión de parcelas ou zonas sin relación funcional.

A proposta resulta axeitada e adecuadamente xustificada.

11.- Alegación presentada por Francisco Javier Rodríguez Alonso e M^a Carmen Calvo Rivera o 22.03.2000 (registro xeral de entrada núm. 20220000001117) na que alegan a clasificación da totalidade da parcela catastral 15036A009004710000YE e da parte da parcela 15036A009004610000YO que non está destinada a aproveitamento forestal como SNRC incorporándoas ao perímetro do núcleo rural de O Feal e que se aplique ás parcelas o réxime urbanístico correspondente á ordenanza de SNRC-2.

INFORME REDACTOR:

1. Tal e como consta no escrito de alegacións, as parcelas estaban incluídas na delimitación de SNU U-2^o do núcleo de O Feal no PXOU-1985 e están en terreos clasificados como SRAU no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas son adecuadas co matiz da exclusión da zona de monte da parcela 15036A00900461 O acceso prodúcese a través dunha vía pavimentada que conta cos servizos municipais existentes no núcleo de O Feal que son os de saneamento de augas residuais e alumeadado público. Por último compre considerar que tal e como se indica na alegación as parcelas situadas na marxe contraria están incluídas no solo de núcleo rural. Polo tanto se pode considerar que as parcelas obxecto da alegación están integradas na estrutura do núcleo rural.

PROPOSTA REDACTOR:

1. En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a totalidade da parcela con referencia catastral 15036A009004710000YE e a parte da parcela 15036A009004610000YO que non está destinada a aproveitamento forestal como SNRC incorporándoas ao perímetro do núcleo rural de O Feal.

2. Consecuentemente aplicarase a estas parcelas o réxime do SNRC-2 previsto na MP

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbense as consideracións do redactor

Non supón supón a alteración morfolóxica forzada do núcleo, nin expansión do mesmo cara novos eixos, nin inclusión de parcelas ou zonas sin relación funcional.

A proposta resulta axeitada e adecuadamente xustificada.

12.- Alegación presentada por Albino González Ramírez e Cipriana Verónica Fernández o 24.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000773) na que alegan a inclusión da parcela catastral 8020913NJ6182S0001WS dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e que da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo

C-0
06E
150
P-
E:
T

INFORME REDACTOR

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 18, 19, 20, 21, 22, 27 e 31 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. Esta zona atópase na situación que se indica a continuación:

- As parcelas estaban en terreos clasificados no PXOM-1985 como solo non urbanizable sen protección especial con tolerancia de edificación tipo C con predominancia de cultivos (SNU-C) e no PXOM-2003 vixente están clasificadas como solo urbano con ordenanza U-2 de vivenda unifamiliar en grao 2.

- As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas para implantar vivendas familiares.

- O acceso prodúcese por unha vía con saburra en mal estado, que segundo a documentación aportada, que podemos contrastar in-situ, conta cos servizos de saneamento de augas residuais, alumeadado público e conexión ao subministro eléctrico. Estes servizos non constan na cartografía da MP aprobada inicialmente debido a que tampouco aparecen na planimetría municipal de servizos urbanos porque o saneamento non está conectado á rede municipal. Esta circunstancia deberá ser corrixida no momento de outorgar as licenzas de edificación de acordo co establecido no artigo 24.4. da LSG.

- Consultado o visor do PBA non constan afeccións sectoriais nin IOT que afecten a estes terreos.

- Por último compre considerar que as parcelas da súa contorna inmediata están incluídas no solo de núcleo rural e polo tanto pódese considerar que esta zona está integrada na estrutura do núcleo.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020913NJ6182S0001WS na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Ao respecto dos servizos existentes o redactor indica a circunstancia de que non foron incluídos os trazados de servizos na cartografía inicial por carecer de información. Non obstante na cartografía presentada para a aprobación provisional tampoco aparecen os servizos indicados. Polo que se indica a dotación de servizos é moi precaria (rede de saneamento non conectada a rede municipal, acceso por camino non pavimentado).

A Directriz da paisaxe D.X.-09(N) de carácter obrigatorio, establece:

"b) Las delimitaciones de los núcleos evitarán las formas forzadas que se derivan de la inclusión de edificaciones que no guardan una relación funcional con el núcleo.

c) En la delimitación de los núcleos se reconocerá el ámbito propio de cada asentamiento, preservando de la edificación o desarrollo urbanística las bolsas de suelo agrario que conforman áreas intersticiales entre núcleos y que contribuyen positivamente a la estructura paisajística del territorio,

..."

Que foi destacada como criterio no I.A.E. en observación dos informes sobre a MP da DXOTU e o IET, para correxir un caso similar noutro dos ámbitos da MP, zona NorOeste de Lubián.

Ésta inclusión non parece ter relación cos obxectivos da MP. Supoñendo unha expansión non xustificada por relación funcional, nin compactación do núcleo polinuclear. Pechando as áreas intersticiais entre o SNR destrúense bolsas de terreo agrario intersticial, conducindo a unha expansión e creación de retículas en torno a camiños existentes pero que funcionalmente son acceso a terreos agrarios. E neste caso a LSG establece que a expansión e necesidades de crecemento de SNR, deberanse xustificar con estudo socio-económico, establecendo a estrutura, tipoloxía e morfoloxía máis acorde coa conservación da paisaxe.

Se ben é certo que no planeamento actual PXOM-2003 a zona referenciada, obxecto das alegación nº 18, 19, 20, 21, 22, 27 e 31, está clasificada como solo urbano con ordenanza U-2, o planeamento anterior PXOU-1985 clasificaba e ordeaba ésta área como SNU-C Solo non urbanizable con admisibilidade da edificación asociada a cultivos, unha funcionalidade máis asimilable ao solo rústico apto para urbanizar do planeamento vixente, rexido conforme a actual lexislación por réxime de rústico sen protección especial.

O tamaño das parcelas e a súa forma tampoco é a óptima para a inclusión no tipo de Solo Núcleo Rural 2.1. segundo as indicacións da Guía Delimitación NNRR.

Así pois, tendo en conta que non se encontra nos criterios de análise unha xustificación clara ao cambio de clasificación desta área, que supón a inclusión de un elevado número de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado, é preciso ter en consideración o artigo 33.2 do RLSG, que di:

"...

Xustificarse a necesidade de crecemento no caso de inclusión de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado."

Á vista de todo elo, **non se considera suficientemente xustificada ésta ampliación de SNR**, pola superficie que implica a aceptación, a afección a criterios marcados no IAE e derivados das Directrices da Paisaxe de Galicia **require consulta ou unha xustificación máis profunda.**

13.- Alegación presentada por José Luís Pena Fraga o 25.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000001174) na que alega que se delimite como SNRC o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras e a inclusión da parcela con referencia catastral 15036A014002390000YY dentro da clasificación de SNRC aplicando a ordenanza correspondente.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela está situada na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. Estas alegacións solicitan a clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións

que outro de características moi similares como é “Os Cadavás” que si se integrou dentro da delimitación do núcleo rural.

As razóns que se argumentan na meirande parte das alegacións baséanse, de xeito resumido, en que o lugar de As Queiras está recollido no Nomenclátor con topónimo diferenciado, que estes terreos estaban clasificados no PXOU-1985 como SNU U-2º e no PXOM-2003 vixente como SRAU, que existen mais de 10 vivendas, que os terreos dispoñen de acceso rodado por vial público e que contan cos servizos básicos de saneamento, alumado público e conexión á rede de subministración eléctrica.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona para comprobar si se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG:

- Identificación e diferenciación nos censos e padróns oficiais: O lugar de As Queiras aparece como asentamento no plan básico autonómico (PBA) e está recollido tanto no Nomenclátor de Galicia como no Padrón do concello de Fene.

- Grao de consolidación polas edificacións: Na zona considerada existen 14 parcelas edificadas e un total de 42 parcelas edificables o que supón que se acada o grao de consolidación de 1/3 da superficie que é o mínimo legal para o solo de núcleo rural común.

- Tipoloxía das edificacións: A meirande parte das construcións son contemporáneas. Na fotografía aérea do voo americano tan só se aprecia unha edificación que coincide coa situada na parcela con referencia catastral 000901100Nj61B, segundo as testemuñas de diversos veciños e responsables municipais e conforme aos datos aportados polos seus propietarios, esta edificación aparece recollida nos rexistros parroquiais dende finais do s. XVIII ou principios do XIX como “Casa de Xandias”.

- Antecedentes existentes de delimitacións anteriores (PXOU-1985 e PXOM-2003): Non é correcto o que se indica no escrito de alegacións no referente a que estes terreos estaban clasificados no PXOU-1985 como solo urbano U-1 e U-2. A clasificación era a de solo non urbanizable sen protección especial con tolerancia de edificación tipo C con predominancia de cultivos (SNU-C), non en tanto, esta clasificación e cualificación do solo propiciou o crecemento residencial nesta zona entre finais dos anos oitenta do século pasado e o ano 2000.

- Condicións topográficas, hidrográficas e elementos naturais existentes: A zona é practicamente chaira e non existen cursos de auga nin elementos naturais salientables.

- Estrutura da propiedade: A meirande parte das parcelas oriéntanse cara as vías de acceso e amosan unha xeometría adecuada para asentar edificacións. Nalgúns casos teñen un fondo excesivo e unha superficie elevada.

- Nivel de integración nas dotacións e servizos: As dúas vías que serven de acceso ás vivendas e edificacións contan cos servizos municipais de saneamento de augas residuais e alumado público. Segundo os datos que constan nos planos do servizo municipal de saneamento tan só hai cinco parcelas, tres delas edificadas, no vial situado na zona oeste que vai cara ao Polideportivo de Magalofes que están sen conexión a esta rede, supoñemos que por problemas de pendente. Na zona SO localizase unha pista polideportiva con graderío e vestiarios.

- Afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio (IOT): Consultado o visor do PBA non constan afeccións sectoriais nin IOT que afecten aos terreos do asentamento das Queiras.

En base ao análise anterior entendemos que o asentamento de “As Queiras” debe ser incluído dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios como solo de núcleo rural común de grao 2 (SNRC-2). O motivo de aplicar o grao 2 é debido a que, tal e como indicamos con

C-0
06E
150
P-
E:
CL

anterioridade, a edificación existente nesta zona provén da aplicación da ordenanza SNU-C cuxas condicións para o uso residencial eran as seguintes:

- Vivenda familiar illada, vinculada á parcelación rústica e a uso agropecuario.
- Superficie mínima da parcela: 2000 m².
- Fronte mínima de parcela: 12 metros.
- Recuados respecto da aliñación interior: 3,00 metros.
- Edificabilidade neta: 0,10 m²/m².
- Superficie máxima construíble: 400 m².
- Altura máxima: PB+1P = 7,00 metros.
- Superficie máxima ocupada: 10%.
- Separacións mínimas:
 - Aliñacións: 3,00 metros.
 - Laterais: 3,00 metros.
 - Edificacións existentes: 6,00 metros,
- Superficie máx. Edificacións auxiliares: 100 m²

No caso concreto da parcela obxecto da alegación ten unha superficie de 4.227 m² que daría lugar á súa fragmentación e afectaría ao grao de consolidación, polo tanto, propónse a inclusión da subparcela catastral **a** que ten unha superficie de 2.808 m² segundo o catastro.

PROPOSTA REDACTOR:

C-0
06E
150
P
F:
T.C

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

- 1. Aceptar** a alegación no senso de delimitar como núcleo rural o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras.
- 2. Aceptar parcialmente** a alegación no senso de incluír a subparcela **a** da parcela catastral 15036A00900520 dentro da delimitación de SNRC.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº4

14.- Alegación presentada por Ángel Manuel Ardao Prego o 26.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000783) na que alega a inclusión da miña finca 8720905NJ6182S0001HS dentro da nova delimitación do núcleo rural do O Redondo, xunto ca finca colindante de referencia 8720906NJ6182S0001WS.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela estaba clasificada como solo urbano residencial unifamiliar de tipo U-2 no PXOU-1985 e mantén esta clasificación como solo urbano de tipo U-2 no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas. O acceso prodúcese ata o límite sur da finca por unha vía pavimentada que remata na entrada dunhas vivendas situadas na marxe contraria, a partir deste punto a vía convértese nun sendeiro peonil "de monte". Ata o mesmo punto chegan os servizos municipais de saneamento de augas residuais e alumeado público. Por último compre considerar que tal e como se indica na alegación as parcelas situadas na marxe contraria están incluídas na delimitación do SNRC polo tanto se pode considerar que a zona sur da parcela obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.

A parcela prolóngase cara o norte o longo do sendeiro peonil e o fondal está afectado polo corredor ecolóxico do río Magalofes, polo tanto esas zonas exclúense da delimitación do núcleo rural mantendo a súa clasificación como solo rústico de especial protección das augas.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación parcial** da alegación no senso de incluír a zona sur da parcela catastral 8720905NJ618250001HS ata onde chega o servizo de saneamento e a pavimentación da vía na delimitación do SNR de O Redondo.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Planeamento vixente e anterior: Os planeamentos previos PXOM-1985 e PXOU-2003 clasifican a parcela como urbana. Non obstante a forma (tamaño en xeometría en "L"), situación (non edificada e nunha fronteira da delimitación) e afeccións actuais (presencia do corredor ecolóxico do río Magalofes) da parcela non referente a condicións topográficas, hidrográficas e outros elementos naturais e nivel de integración nas dotacións e servizos existentes, as consideracións do redactor son correctas. Non obstante a estrutura parcelaria non é apropiada, por superficie e forma, máis adaptada a terreo agrario. Adicionalmente a aliñación do linde NorOeste da parcela existente ao outro lado do camino marca unha delimitación máis orientada a excluir esta parcela. A inclusión parcial proposta contribúe a encaixar o corredor ecolóxico do río Magalofes, sendo un criterio marcado no IAE o de evitar os crecementos dirixidos cara aos corredores ecolóxicos.

Así pois, tendo en conta que non se encontra nos criterios de análise unha xustificación clara ao cambio de clasificación desta área, que supón a inclusión de un elevado número de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado, é preciso ter en consideración o artigo 33.2 do RLSG, que di:

"...
Xustificárase a necesidade de crecemento no caso de inclusión de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado."

Polo tanto **a proposta de inclusión parcial non está claramente xustificada.**

Por outra banda, por atoparse conectada territorialmente obsérvase que as dúas parcelas contiguas á que é obxecto desta alegación produciuse un cambio respecto do documento de aprobación inicial, xa que se procedeu á ampliar a zona de núcleo rural cara ao límite da zona de servidume de augas sen xustificar a dita ampliación.

15.- Alegación presentada por M^a Cristina Sanmartín Adegas o 27.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022999900000784) na que alega a revisión e modificación da delimitación do Solo de Núcleo Rural do Feal, incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente á parcela coa referencia catastral 15036A009004720000YS.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela estaba incluída parcialmente na delimitación de SNU U-2^o do núcleo de O Feal no PXOM-1985 e está en terreos clasificados como SRAU no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas. Non ocorre o mesmo coa morfoloxía da parcela que amosa unha forma estreita e alongada que a fai inedificable por si soa, se ben, esta circunstancia xa se dá noutros casos de parcelas enclavadas. O acceso prodúcese a través dunha vía pavimentada que conta cos servizos municipais existentes no núcleo de O Feal que son os de saneamento de augas residuais e alumeadado público. Por último compre considerar que as parcelas situadas na marxe contraria están incluídas no solo de núcleo rural. Polo tanto se pode considerar que a parcela obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo rural.

PROPOSTA REDACTOR:

1. En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír parte da parcela 15036A009004720000YS co mesmo fondo

que as lindeiras polo leste como SNRT igual que as da marxe contraria da vía incorporándoas ao perímetro do núcleo rural de O Feal.

2. Consecuentemente aplicarase a estas parcelas a ordenanza do SNRT-2 previsto na MP.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

As consideracións do redactor son correctas.

Considerando a aceptación da alegación 11, **parece axeitada e xustificada a inclusión.**

16.- Alegación presentada por M^a Isabel Pérez Dobarro o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001178) na que alega que se incorpore a parcela con referencia catastral 8522104NJ6182S0001QS á delimitación do solo de núcleo rural de Os Buios e que, partindo do lugar de A Torre, se proceda a ampliar o núcleo rural de Os Buios en orde a incorporar o lugar das Queiras, dun xeito similar ao formulado con respecto ao lugar de Os Cadavás, incluíndo a parcela con referencia catastral 15036A014006970000YF.

INFORME REDACTOR:

A.- PARCELA CATASTRAL 8522104NJ6182S0001QS.

1. A parcela estaba clasificada como solo urbano residencial unifamiliar de tipo U-2 no PXOU-1985 e mantén esta clasificación como solo urbano de tipo U-2 no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía pavimentada en formigón que chega ata unha vivenda situada ao norte. Segundo os planos de servizos non conta có saneamento de augas residuais existente no núcleo pero atópase a escasa distancia do mesmo polo que é factible a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación de acordo co establecido no artigo 24.4. da LSG. Por último compre considerar que as parcelas situadas ao sur que dan acceso á mesma vía están incluídas na delimitación do SNRC e polo tanto consideramos que a parcela obxecto da alegación e a situada na marxe contraria do camiño están integradas na estrutura do núcleo.

B.- PARCELA CATASTRAL 15036A014006970000YF.

1. A parcela está situada na zona de "As Queiras", zona á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios argumentando para elo as mesmas razóns.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. No caso concreto da parcela obxecto da alegación amosa un fondo excesivo duns 100 metros, polo tanto e para evitar que se coloque a vivenda de forma inadecuada e se manteña a imaxe e estrutura do núcleo propónse incluír parte da parcela cunha superficie e fondo suficiente para construír unha vivenda.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. Aceptar a alegación no senso de clasificar os terreos da parcela con referencia catastral 8522104NJ6182S0001QS no núcleo rural de Os Buios.

2. Aceptar a alegación no senso de delimitar como núcleo rural o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras.

3. Aceptar parcialmente a alegación no senso de clasificar unha parte dos terreos da parcela catastral 15036A014006970000YF como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

A.- PARCELA CATASTRAL 8522104NJ6182S0001QS

As consideracións do redactor ao respecto do planeamento previo son correctas. Non obstante algún criterios de delimitación considerados nesta MP ao abeiro de nova lexislación e planeamento urbanístico, fan recomendable o replantexamento da clasificación da parcela.

A parcela está ubicada nunha 2ª liña respecto da edificación no núcleo rural inicialmente proposto. A existencia do camiño pavimentado en formigón non supón que funcionalmente sirva á estrutura do núcleo. A distancia á rede de saneamento é de 40 m, non coincidindo a apreciación do redactor en que é executable simultaneamente ás obras de edificación.

Polo tanto, **non se considera xustificada a aceptación desta parte da alegación.**

B.- PARCELA CATASTRAL 15036A014006970000YF.

Remítase ao informado na alegación nº4

17.- Alegación presentada por M.^a Rocío Dobarro Gómez o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001180) na que alega que se delimite como solo de núcleo rural común o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras, incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente ás parcelas coas referencias catastrais 15036A014001560000YO e 15036A014006980000YM.

INFORME REDACTOR:

1. Ambas parcelas están situadas na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios argumentando para elo as mesmas razóns.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras que se inclúan na delimitación do núcleo rural se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. A parcela con referencia catastral 15036A014006980000YM está integrada indubidablemente no asentamento e debe formar parte do núcleo rural xa que cumpre coas características nomeadas anteriormente e ademais nela existe unha vivenda. Non en tanto, debido á súa superficie que supera os 7000 m² e fondo superior a 80 m., co fin de evitar unha fragmentación excesiva das parcelas do núcleo, que ademais, provocaría que o grao de consolidación non chegase ao mínimo legal esixido de 1/3 que xa amosa o núcleo coa delimitación proxectada, propónse que se inclúa no núcleo unicamente a zona frontal da parcela onde se sitúa a vivenda.

4. A parcela con referencia catastral 15036A014001560000YO está situada en fronte da anterior e polo tanto amosa as mesmas características en canto a antecedentes urbanísticos,

C-0
09E
150
-d
F:
TC

accesibilidade e existencia de rede de saneamento. Polo tanto propónse a inclusión da parcela no núcleo rural igualando o fondo coa parcela situada ao sur da mesma que tamén se inclúe na delimitación.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. Aceptar a alegación no senso de delimitar como núcleo rural o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras.

2. Aceptar parcialmente a alegación referente ás parcelas con referencias catastrais 15036A014006980000YM e 15036A014001560000YO no senso de clasificar parte dos terreos das mesmas como solo de núcleo rural de tipo común de grao 2 (SNUC-2).

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº4.

18.- Alegación presentada por José Juan Varela Vázquez o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001181) na que alega a inclusión da parcela catastral 8020912NJ6182S0001HS dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 12, 19, 20, 21, 22, 27 e 31 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. A situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020912NJ6182S0001HS na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe da alegación nº12.

19.- Alegación presentada por Mónica Varela Vázquez o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001182) na que alega a inclusión da parcela catastral 8020910NJ6182S0001ZS dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 12, 18, 20, 21, 22, 27 e 31 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. A situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020907NJ6182S0001ZS na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe da alegación nº12.

20.- Alegación presentada por Marcelino Souto Ríos o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001183) na que alega a inclusión da parcela catastral 8020907NJ6182S0001ZS dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 12, 18, 19, 21, 22, 27 e 31 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. A situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020910NJ6182S0001ZS na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe da alegación nº12.

21.- Alegación presentada por Juan Carlos Varela Vázquez o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001184) na que alega a inclusión da parcela catastral 8020908NJ6182S0001US dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 12, 18, 19, 20, 22, 27 e 31 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. A situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020908NJ6182S0001US na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe da alegación nº12.

22.- Alegación presentada o 28.03.2022 por Juan Carlos Varela Vázquez no seu nome e en representación de Támara Pico López, José Miguel Feal García, José Juan Varela Vázquez, Mónica Varela Vázquez, Marcelino Souto Ríos, Albino González Ramírez e Cipriana Verónica Fernández López (registro xeral de entrada núm. 2022000000001185) na que alegan a inclusión das parcelas con referencias catastrais 8020911NJ6182S0001US, 8020909NJ6182S0001HS, 8020908NJ6182S0001US, 8020912NJ6182S0001HS, 8020910NJ6182S0001ZS, 8020907NJ6182S0001ZS e 8020913NJ6182S0001US dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente están clasificadas como solo urbano e dan fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. En relación a estas sete parcelas presentáronse alegacións independentes nun senso similar á presente que teñen os nº 12, 18, 19, 20, 21, 27 e 31 na listaxe enviada polo concello. Os terreos están situados no lugar de O Casal, a situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír as parcelas catastrais 8020911NJ6182S0001US, 8020909NJ6182S0001HS, 8020908NJ6182S0001US, 8020912NJ6182S0001HS, 8020910NJ6182S0001ZS, 8020907NJ6182S0001ZS e 8020913NJ6182S0001US na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Sinalar que das parcelas incluídas na alegación, unicamente 8020911NJ6182S0001US e 8020909NJ6182S0001HS non están incluídas en outras alegacións. As restantes xa foron incluídas e analizadas nas alegacións nº.12, 18, 19, 20 e 21.

Remítese ao informe da alegación nº12.

23.- Alegación presentada por M.^a Juana Martínez Porto o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001188) na que alega que se inclúan as parcelas con referencias catastrais 8822105NJ6182S0001OS, 8822103NJ6182S0001FS, 8822146NJ6182S0001JS e 15036A013000640000YS na delimitación do núcleo rural de O Redondo - O Feal debido a que no PXOM vixente están clasificadas como solo urbano no caso das tres primeiras e que dan fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación refírese a uns terreos situados ao norte do lugar de O Redondo. A zona atópase na situación que se indica a continuación:

- As parcelas con referencias catastrais 8822105NJ6182S 8822103NJ6182S e 8822146NJ6182S estaban en terreos clasificados no PXOM-1985 como solo urbano residencial unifamiliar U-2 , mentres que a 15036A013000640000YS estaba en solo non urbanizable especialmente protexido. No PXOM-2003 vixente as tres primeiras están en terreos clasificados como solo urbano con ordenanza U-2 de vivenda unifamiliar en grao 2 e a cuarta como SRAU.

- O acceso prodúcese por unha estrada asfaltada que en contra do que se manifesta no escrito de alegacións non conta cos servizos existentes no núcleo xa que nin ten saneamento nin alumeadado público.

- Pero, o que é mais importante, é que as parcelas están totalmente afastadas do núcleo rural que remata claramente na contorna dos equipamentos e da vivenda que ten o nº 21 do lugar de O Pedrón.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **desestimación** da alegación xa que a zona na que se sitúa as parcelas non dispón de servizos urbanísticos e ademais non forma parte da estrutura do núcleo rural e está considerablemente afastada das últimas vivendas que forman o núcleo rural de O Redondo.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor.

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de non aceptación.

24.- Alegación presentada por M.^a del Carmen Prado Vizoso o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001196) na que alega que se delimite como solo de núcleo rural común o

crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras, incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente a parcela con referencia catastral 15036A014001570000YK.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela está situada na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buíos argumentando para elo as mesmas razóns.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se dá cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras que se inclúan na delimitación do núcleo rural se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. A parcela con referencia catastral 15036A014001570000YK está integrada indubidablemente no asentamento e debe formar parte do núcleo rural xa que cumpre coas características nomeadas anteriormente e ademais nela existe unha vivenda. Non en tanto, debido a que ao leste da parcela descorre o corredor ecolóxico do río Magalofes, o límite do núcleo faise coincidir co corredor devandito.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. Aceptar a alegación no senso de delimitar como núcleo rural o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras.

2. Aceptar parcialmente a alegación referente á inclusión da parcela con ref. Cat. 15036A014006980000YM e 15036A014001570000YK no senso de clasificar parte dos terreos da mesma como solo de núcleo rural de tipo común de grao 2 (SNUC-2).

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Na proposta do redactor, referénciase a parcela 15036A014006980000YM, que xa foi obxecto de análise na alegación nº17. Enténdese que ésta alegación está referida á parcela de referencia 15036A014001570000YK.

Remítase ao informe técnico da alegación nº4.

25.- Alegación presentada por Antonio Carlos Pico Brage o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001203) na que alega que se modifique a delimitación do solo de núcleo rural común de O Redondo, incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente ás parcelas con ref. catastrais 8822107NJ6182S0001RS e 8720906NJ6182S0001WS debido a que dispoñen de acceso rodado público e contan cos servizos de saneamento, electricidade e alumeadado público.

INFORME REDACTOR:

A.- PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 8822107NJ6182S0001RS.

1. A parcela estaba en terreos clasificados como solo urbano residencial unifamiliar de tipo U-2 no PXOU-1985 e mantén esta clasificación como solo de tipo U-2 no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía municipal pavimentada, o servizo de saneamento de augas residuais está situado a escasa distancia, polo que se podería conectar unha futura edificación facilmente, ademais existe alumeadado público. Por último compre considerar que unha vez incorporada á

delimitación a parcela con ref. catastral 9023901NJ6192S as parcelas situadas na beira contraria da vía e ao sur están incluídas no solo de núcleo rural e mesmo na zona próxima se localizan os equipamentos públicos deste núcleo, polo tanto pódese considerar que a parcela obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo. Non obstante e debido a que a parcela amosa un fondo excesivo duns 125 metros, propónse incorporar unha parte coincidente coa parte posterior dunha vivenda situada ao sur da presente.

B.- PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 8720906NJ6182S0001WS.

2. A parcela estaba en terreos clasificados como solo urbano residencial unifamiliar de tipo U-2 no PXOU-1985 e mantén esta clasificación como solo urbano de tipo U-2 no PXOM-2003 vixente. As condicións topográficas e hidrográficas semellan adecuadas. O acceso prodúcese por unha vía pavimentada na que existen os servizos de saneamento de augas residuais e alumeadado público. Por último compre considerar que as parcelas situadas na marxe contraria contan con edificacións e están incluídas na delimitación do SNRC polo tanto se pode considerar que a parcela obxecto da alegación está integrada na estrutura do núcleo.

O fondo da parcela está afectado polo corredor ecolóxico do río Magalofes, polo tanto esa zona exclúese da delimitación do núcleo rural mantendo a súa clasificación como solo rústico de especial protección das augas.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír parte das parcelas catastrais 8822107NJ6182S0001RS e 8720906NJ6182S0001WS na delimitación do SNR de O Redondo.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

A.- PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 8822107NJ6182S0001RS

Suscríbese o indicado polo redactor.

Funcionalmente a ubicación dos equipamentos existentes ao Sur e a inclusión da parcela 9023901NJ6192S, fan que a inclusión sexa favorable a pechar un contorno regular do núcleo. Non se aprecian condicionantes en contra no referente a ocupación de bolsas de solo agrícola ou extensións inxustificadas do núcleo. Considérase **axeitada e suficientemente xustificada**.

B.- PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 8720906NJ6182S0001WS

A situación desta parcela é análoga a referida na alegación nº14.

Segundo a mesma xustificación e criterios considérase non xustificada a inclusión parcial da mesma.

26.- Alegación presentada por José Alberto Feal Prieto o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001203) na que se alega que se delimite como solo de núcleo rural común o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras, incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente ás parcelas coas referencias catastrais 15036A014001680000YZ e 15036A014002580000YI.

INFORME REDACTOR:

1. Ambas parcelas están situadas na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios argumentando para elo as mesmas razóns.

C-0
36E
151
P-
E:
T1

Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se dá cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras que se inclúan na delimitación do núcleo rural se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

2. As parcelas con referencias catastrais 15036A014001680000YZ e 15036A014002580000YI están integradas indubidablemente no asentamento e deben formar parte do núcleo rural xa que cumpre coas características nomeadas anteriormente e ademais os seus fondos e superficies (1591 e 1342 m²) son adecuados e non posibilitan a súa fragmentación. Polo tanto entendemos que se poden incluír na delimitación do NR.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. Aceptar a alegación no senso de delimitar como núcleo rural o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras e de incluír na delimitación as parcelas 15036A014001680000YZ e 15036A014002580000YI aplicándolles o réxime do SNRC-G2

2. Aceptar a alegación referente ás parcelas con referencias catastrais 15036A014006980000YM e 15036A014001560000YO no senso de clasificar os terreos das mesmas como solo de núcleo rural de tipo común de grao 2 (SNUC-2).

C-0
06E
150
-P
E:
T.C

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº4.

27.- Alegación presentada por José Miguel Feal García o 28.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001207) na que alega a inclusión da parcela catastral 8020909NJ6182S0001HS dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e que da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 12, 18, 19, 20, 21, 22 e 31 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. A situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020909NJ6182S0001HS na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº12.

28.- Alegación presentada por Rosa Rodríguez Meizoso o 29.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001214) na que alega que se modifique a delimitación do solo de núcleo rural tradicional (Os Buios), incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente á parcela coa ref. cat. 15036A014002510000YF.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela está situada na zona de crecemento do lugar de "A Torre" cara ao de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural dos terreos situados nesta zona xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios argumentando para elo as mesmas razóns. A particularidade é que se solicita que se inclúa no tipo tradicional (SNRT).

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se dá cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG.

Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU- 1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o

asentamento das Queiras que se inclúan na delimitación do núcleo rural se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. A parcela con referencia catastral 15036A014002510000YF está integrada indubidablemente no asentamento e debe formar parte do núcleo rural xa que cumpre coas características nomeadas anteriormente, non en tanto, o tipo que lle corresponde polas características da contorna na que non existen vivendas tradicionais é o común (SNRC). Por outra banda non se incorpora a totalidade do fondo da parcela debido a que pola súa posición oblicua respecto do vial e fondo considerable podería situar a vivenda nunha posición inadecuada e mesmo detrás da que se constrúa na parcela lindeira polo sur.

C-0
06E
150
P-
F:
C1

PROPOSTA REDACTOR:

Aceptar parcialmente a alegación referente á parcela con referencia catastral 15036A014002510000YF no senso de clasificar parte da mesma como solo de núcleo rural de tipo común de grao 2 (SNUC-2).

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº4.

29.- Alegación presentada por M.^a Concepción Pereira Pazos o 29.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001215) na que alega a inclusión da parcela catastral 15036A010004030000YP dentro da delimitación do núcleo rural de Lubián para poder realizar unha construción.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela estaba en terreos clasificados como solo non urbanizable de cultivos con tolerancia de edificación SNU-C no PXOU-1985 e está actualmente en terreos clasificados como solo rústico apto para urbanizar (SRAU). Polo tanto o réxime urbanístico de aplicación nesta parcela segundo a disposición transitoria primeira 2b) da LSG é o do solo rústico. O acceso prodúcese polo norte a través do Camiño Real que comunica Fene con San Marcos, que é un sendeiro peonil sen pavimentar que non dispón dos servizos existentes no núcleo.

En base ao anterior compre considerar que a parcela non ten antecedentes de delimitacións anteriores, carece de acceso rodado de uso público e non está integrada nos servizos existentes no núcleo, polo tanto, non se pode informar favorablemente a solicitude de cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **desestimación** da alegación.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor.

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de non aceptación.

30.- Alegación presentada por Gumersindo Pedro Galego Feal o 29.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022000000001216) na que se alega que se proceda a atribuír edificabilidade en “posible nueva vivienda” á finca con referencia catastral 7919507NJ6172S0001XI.

INFORME REDACTOR:

1. Aos efectos da presente alegación hai que diferenciar os conceptos que se establecen na MP para parcela mínima aos efectos de novas parcelacións e o de parcela edificable. Segundo o que se dispón no artigo 79 da normativa da MP a parcela mínima en solo de núcleo rural de grao 1 (SNR-2.1), cualificación que lle corresponde a esta finca, aos efectos de segregación ou parcelación, é de 1000 m², pero a parcela edificable é a existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas aplicables.

A parcela obxecto desta alegación ten unha superficie bruta segundo o catastro de 698 m² que unha vez axustada ás aliñacións que se establecen na MP quedará cunha superficie neta duns 570 m². Aplicando os parámetros sobre tipoloxía e intensidade de edificación resulta que se pode construír unha vivenda familiar illada de planta baixa e unha planta alta duns 114 m² en planta baixa cunha superficie total computable duns 170 m² coa posibilidade de planta soto que non computará edificabilidade sempre que se destine a garaxe, rocho menor de 10 m² e instalacións. Entendemos pois que é posible construír unha “nova vivenda” na parcela catastral 7919507NJ6172S0001XI.

PROPOSTA REDACTOR:

1. Non se fai proposta de aceptación ou desestimación xa que se trata de clarificar as condicións urbanísticas que inciden sobre a parcela no documento aprobado inicialmente.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Nas aclaracións establecidas faltaría por precisar os condicionantes referentes á liña límite da edificación da estrada DP-3503, e os retranqueos da fronte e lindeiros.

31.- Alegación presentada por Támara Pico López o 30.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 2022999000000805) na que alega a inclusión da parcela catastral 8020911NJ6182S0001US dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios debido a que no PXOM vixente está clasificada como solo urbano e que da fronte a unha vía que conta coa totalidade dos servizos urbanísticos existentes no núcleo.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación xunto con outras sete, que tamén se pronuncian no mesmo senso que a presente, numeradas na listaxe enviada polo concello cos nº 12, 18, 19, 20, 21, 22 e 27 refírense a sete parcelas que están situadas no lugar de O Casal. A situación desta zona indícase no informe da alegación nº 12:

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe devandito propónse a **aceptación** da alegación no senso de incluír a parcela catastral 8020911NJ6182S0001US na delimitación do SNR de Os Buios.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº12.

32.- Alegación presentada por Jorge Juan Martínez Calvo o 30.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001248) na que alegan que as parcelas catastrais 9/884-9/480-9/478-9/479 foron agrupadas mediante escritura pública de data 8 de marzo de 2022 polo que solicita que se incremente o fondo da delimitación do SNR respecto da súa parcela, de forma que permita a edificación na mesma.

INFORME REDACTOR:

1. As fincas obxecto da alegación aparecen actualmente agrupadas como no catastro como parcela coa referencia catastral 15036A009009040000YM cunha superficie de 1344 m² e unha profundidade respecto da vía de acceso duns 92 metros. A vista do anterior, entendemos, que se debe acceder ao solicitado na alegación incluíndo dentro da delimitación do SNR un fondo para esta parcela similar ao das fincas lindeiras que finalmente propónse duns 55 metros.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no informe anterior propónse a **aceptación** da alegación no senso de ampliar o fondo da parcela con ref. catastral 15036A009009040000YM na delimitación do SNR de O Feal acadando uns 55 metros de profundidade.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor. Non existen condicionantes funcionales, de ocupación de bolsas de solo agrario ou extensión inxustificada do ámbito. O fondo de parcela proposto é acorde co criterio tomado inicialmente, en torno a 50 m, e ademais é acorde coas parcelas da mesma beira da vía. Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de aceptación, polo tanto a ampliación de fondo de parcela ata os 55 m.

33.- Alegación presentada por José Raúl Meizoso García o 30.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000819) na que alega que se delimite como solo de núcleo rural común o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras, incluíndo dentro desta clasificación e da ordenanza correspondente a parcela coa referencia catastral 15036A014002890000XY.

C-0
06E
150
P-
E:
C1

INFORME REDACTOR:

1. A parcela está situada na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios argumentando para elo as mesmas razóns.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. No caso concreto da parcela obxecto da alegación amosa un fondo excesivo duns 135 metros e unha superficie moi grande de 8.507 m², polo tanto co fin de evitar unha fragmentación excesiva das parcelas do núcleo, que ademais, provocaría que o grao de consolidación non chegase ao mínimo legal esixido de 1/3 que presenta o núcleo coa delimitación proxectada, propónse que se inclúa no núcleo unha parte da parcela en torno a uns 2.500 m².

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. Aceptar a alegación no senso de delimitar como núcleo rural o crecemento entre os asentamentos de A Torre e As Queiras.

2. Aceptar parcialmente a alegación no senso de clasificar en parte os terreos da parcela catastral 15036A014002890000XY como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

1. A parcela está situada na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento xa que teñen as mesmas condicións que outro de características moi similares como é "Os Cadavás" que si se incluíu dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios argumentando para elo as mesmas razóns.

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. No caso concreto da parcela obxecto da alegación amosa un fondo excesivo duns 135 metros e unha superficie moi grande de 8.507 m², polo tanto co fin de evitar unha fragmentación excesiva das parcelas do núcleo, que ademais, provocaría que o grao de consolidación non chegase ao mínimo legal esixido de 1/3 que presenta o núcleo coa delimitación proxectada, propónse que se inclúa no núcleo unha parte da parcela en torno a uns 2.500 m².

0-0
06E
150
P-
F:
CL

34.- Alegación de carácter xeral presentada por Manuel Vicente Pico Sanmartín, en representación da Asociación de Veciños San Xurxo de Magalofes o 31.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000834) que conclúe indicando que se revisen e modifiquen as delimitacións propostas para os núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e Piñeiro.

INFORME REDACTOR:

1. Esta alegación recompila os argumentos utilizados polo/a mesmo/a relator/a doutros escritos de alegacións de carácter particular, debido a elo, a meirande parte das cuestións xa foron informadas en alegacións anteriores.

2. O primeiro que compre sinalar é que no escrito de alegacións coincídese co concello de Fene na necesidade e conveniencia da MP para resolver os problemas de desenvolvemento urbanístico e residencial que existen nos asentamentos obxecto da mesma. En relación a este particular compre engadir que estes problemas tamén se dan noutros asentamentos do municipio de Fene.

3. Como en moitas alegacións anteriores faise mención a que non coincide a delimitación do núcleo rural de Os Buios coa que se establece no PXOM-2003 para o solo urbano de Magalofes. A este respecto compre sinalar dúas cuestións:

a. Os requisitos legais para clasificar solo urbano e solo de núcleo rural non son os mesmos, no primeiro caso a lexislación establece a necesidade de existencia de servizos urbanísticos ou de consolidación edificatoria. No caso do SNR considérase a existencia de servizos e dotacións como un trazo identificativo da existencia dun núcleo rural pero hai outros que se deben dar de forma simultánea como é o grao de consolidación que o/a relator/a das alegacións obvia sistematicamente.

b. A delimitación do solo urbano de Magalofes non cumpre en moitos dos casos cos requisitos mínimos esixibles para que os terreos sexan clasificados como tales, ao marxe da inexistencia da rede de abastecemento, hai moitos terreos que aínda que o/a relator/a dí que teñen servizos como é a zona norte de O Redondo, realmente non teñen os servizos que se mencionan, un caso particular é o de O Casal ao que nos referiremos posteriormente. Por outra banda hai numerosas parcelas que nin sequera dan fronte a unha vía que permita o acceso dun vehículo.

Polo tanto, se ben, é unha referencia que se tivo en conta, non está xustificada, en absoluto, que a delimitación do solo de núcleo rural de Os Buios teña que coincidir co solo urbano de Magalofes.

4. O argumento das razóns de tipo fiscal que se indican no escrito sobre que os terreos pagan o IBIU, para chegar a argumentar unha posible causa de nulidade do PXOM vixente, non corresponden ao obxecto da presente modificación puntual polo tanto non imos a entrar nelas aínda que semellan un tanto desmesuradas e de escaso percorrido. En todo caso, unha vez aprobada definitivamente, no seu caso, esta MP, a consideración fiscal como terreos urbanos deberá ser revisada.

5. Non se comparten en absoluto as razóns que se dan para indicar que as delimitacións sexan arbitrarias como fai o/a relator/a en moitas das alegacións formuladas, é mais, semella unha afirmación un tanto gratuíta que se basea en argumentos como os que se indican a continuación:

a. Non se grafan nos planos os servizos de O Casal: En relación a este particular, tal e como indicamos na resposta ás oito alegacións referentes a esta zona, os planos da MP plasman os servizos que constan na cartografía municipal correspondente. Segundo a información da que se dispón, o saneamento desta zona non consta nesos planos porque foron realizados pola propiedade, non están recepcionados polo concello e polo tanto non están conectados á rede municipal. De feito eses terreos que actualmente están clasificados como solo urbano estaban clasificados como solo rústico no PXOU-1985.

b. As condicións topográficas e hidrográficas adversas e as afeccións sectoriais ou por parte dos instrumentos de ordenación do territorio, que obrigan a clasificar os terreos como solo rústico de especial protección, son razóns que implican a imposibilidade de clasificar os terreos como solo de núcleo rural. Non é, tal e como pretende facer ver o/a relator/a das alegacións, que dispor dunha boa topografía ou non estar afectadas por un curso fluvial sexa suficiente para incluír as parcelas no núcleo rural. No caso concreto da ARPSI do río Magalofes, a afirmación que se fai de que a existencia da mesma só implica que haxa que respectar o DPH do río implica un total descoñecemento da lexislación sectorial ao respecto e da imposibilidade de incluír as zonas inundables ou afectadas polas zonas de fluxo preferente nas delimitacións dos solos de núcleo rural.

c. Dende o punto de vista da estrutura da propiedade, non é certa a afirmación que se fai de que non estea xustificada limitar o fondo da delimitación dos núcleos rurais a 50 metros. En primeiro lugar esa profundidade é orientativa e en moitos casos supérase para chegar ao fondo dunha parcela cando este é razoable, para recoller unha vivenda situada ao fondo da parcela ou por outras circunstancias. En segundo lugar, esa limitación xustifícase no sentido, indicado na memoria, de evitar que as vivendas se sitúen a profundidades excesivas que distorsionen os núcleos rurais dende o punto de vista paisaxístico.

Que unha parcela teña varias clasificacións urbanísticas non ten a transcendencia que se pretende dar por parte do/a relator/a, é unha circunstancia normal que se da en todos os instrumentos de planeamento xeral.

6. No referente ao caso de As Queiras, transcríbese o informe que consta nas alegacións presentadas en relación a este asentamento que conclúe co recoñecemento do mesmo na MP como solo de núcleo rural:

“ Realizouse un análise pormenorizado desta zona para comprobar si se dá cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG:

- Identificación e diferenciación nos censos e padróns oficiais: O lugar de As Queiras aparece como asentamento no plan básico autonómico (PBA) e está recollido tanto no Nomenclátor de Galicia como no Padrón do concello de Fene.

0-0
06E
150
P-
E:
CL

- Grao de consolidación polas edificacións: Na zona considerada existen 14 parcelas edificadas e un total de 42 parcelas edificables o que supón que se acada o grao de consolidación de 1/3 da superficie que é o mínimo legal para o solo de núcleo rural común.

- Tipoloxía das edificacións: A meirande parte das edificacións son de recente construción. Na fotografía aérea do voo americano tan só se aprecia unha edificación que coincide coa situada na parcela con referencia catastral 000901100Nj61B, segundo as testemuñas de diversos veciños e responsables municipais e conforme aos datos aportados polos seus propietarios, esta edificación aparece recollida nos rexistros parroquiais dende finais do s. XVIII ou principios do XIX como “Casa de Xandias”.

- Antecedentes existentes de delimitacións anteriores (PXOU-1985 e PXOM-2003): Non é correcto o que se indica no escrito de alegacións no referente a que estes terreos estaban clasificados no PXOU-1985 como solo urbano U-1 e U-2. A clasificación era a de solo non urbanizable sen protección especial con tolerancia de edificación tipo C con predominancia de cultivos (SNU-C), non en tanto, esta clasificación e cualificación do solo propiciou o crecemento residencial nesta zona entre finais dos anos oitenta do século pasado e o ano 2000.

- Condições topográficas, hidrográficas e elementos naturais existentes: A zona é practicamente chaira e non existen cursos de auga nin elementos naturais salientables.

- Estrutura da propiedade: A meirande parte das parcelas oriéntanse cara as vías de acceso e amosan unha xeometría adecuada para asentar edificacións. Nalgúns casos teñen un fondo excesivo e unha superficie elevada.

- Nivel de integración nas dotacións e servizos: As dúas vías que serven de acceso ás vivendas e edificacións contan cos servizos municipais de saneamento de augas residuais e alumeadado público. Segundo os datos que constan nos planos do servizo municipal de saneamento tan só hai cinco parcelas, tres delas edificadas, no vial situado na zona oeste que vai cara ao Polideportivo de Magalofes que están sen conexión a esta rede, supoñemos que por problemas de pendente. Na zona SO localizase unha pista polideportiva con graderío e vestiarios.

- Afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio (IOT): Consultado o visor do PBA non constan afeccións sectoriais nin IOT que afecten aos terreos do asentamento das Queiras.

En base ao análise anterior entendemos que o asentamento de “As Queiras” debe ser incluído dentro da delimitación do núcleo rural de Os Buios como solo de núcleo rural común de grao 2 (SNRC-2). O motivo de aplicar o grao 2 é debido a que, tal e como indicamos con anterioridade, a edificación existente nesta zona provén da aplicación da ordenanza SNU-C cuxas condicións para o uso residencial eran as seguintes:

- Vivenda familiar illada, vinculada á parcelación rústica e a uso agropecuario.
- Superficie mínima da parcela: 2000 m².
- Fronte mínima de parcela: 12 metros.
- Recuados respecto da aliñación interior: 3,00 metros.
- Edificabilidade neta: 0,10 m²/m².
- Superficie máxima construíble: 400 m².
- Altura máxima: PB+1P = 7,00 metros.
- Superficie máxima ocupada: 10%.
- Separacións mínimas:
 - Aliñacións: 3,00 metros.
 - Laterais: 3,00 metros.
 - Edificacións existentes: 6,00 metros,
- Superficie máx. Edificacións auxiliares: 100 m²

PROPOSTA REDACTOR:

No se fai unha proposta concreta toda vez que se considera que as delimitacións formuladas para os núcleos rurais delimitados son correctas e xa se revisaron puntualmente en base ás alegacións presentadas. No caso de As Queiras, que é o de maior alcance, pensamos que a inclusión deste asentamento na delimitación de solo de núcleo rural de Os Buios así como o tipo de núcleo asignados responden ás súas características formais e legais.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

A alegación fai unha exposición de motivos xa incluídos na memoria informativa e xustificativa da MP. Incide tamén na demanda de solo edificable na parroquia de Magalofes, para requerir unha extensión do solo edificable, nesta modificación puntual non se recolleu estudo de necesidades de novo solo, o non ser obxecto desta MP a expansión de solos edificables.

Suscríbense as xustificacións 1,2,3,4 e 5 do redactor. Ao respecto da xustificación 6, trátase dunha alegación xa presentada a modo individual por varios propietarios ao respecto da zona de "As Queiras", que xa foi informada na alegación nº4, remítese polo tanto ao informe técnico da alegación nº4.

35.- Alegación presentada por Manuel Chao Dobarro, en representación de María del Carmen Dobarro Lourido o 31.03.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000835) na que alega que se inclúa a parcela e vivenda que se corresponde coa referencia catastral 000901100NJ61B0001EW como comprendida dentro do núcleo rural de Os Buios - A Torre e/ou Os Cadavás.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela está situada na zona de "As Queiras", á que se refiren 10 escritos de alegacións relacionados na listaxe enviada polo concello cos nº 4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34 e 35, que supoñen o 25% do total. A presente alegación refírese igual que as anteriores á clasificación como solo de núcleo rural común dos terreos situados neste asentamento argumentando para elo que a vivenda que se localiza na parcela ten mais de 150 anos denominada "Lugar de Xandias ou Casa de Xandias".

2. Atendendo ao porcentaxe importante de alegacións presentadas fíxose un análise pormenorizado desta zona que se inclúe no informe das alegacións 4 e 13 do que se deduce que se da cumprimento aos parámetros que se establecen na memoria xustificativa da MP baseados no disposto nos artigos 23 da LSG e 33 do RLSG. Debido ao anterior e considerando os antecedentes de planeamentos anteriores, nomeadamente o PXOU-1985, no que estes terreos estaban clasificados como SNU-C, entendemos que os terreos que forman o asentamento das Queiras se deben clasificar como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

3. A parcela e vivenda obxecto da alegación, tal e como se indica no escrito, é a orixinaria deste asentamento e así aparece xa nas fotografías aéreas do "voo americano" dos anos cincuenta. Polo tanto a parcela con referencia catastral 000901100NJ61B0001EW se debe incluír no núcleo rural coa clasificación e o tipo que lle corresponde que é o de SNRC-G2.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. Aceptar a alegación no senso de incluír a parcela con referencia catastral 000901100NJ61B no núcleo rural de Os Buios clasificando os terreos como solo de núcleo rural de tipo común e de grao 2 (SNUC-2).

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Remítese ao informe técnico da alegación nº4.

36.- Alegación presentada por Bernardo Pereira Pazos o 01.04.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001283) na que alega que se inclúan as parcelas con referencias catastrais 15036A012004490000YQ 15036A012004500000YY e 15036A012004550000YT dentro da delimitación do núcleo rural de Lubián para poder realizar unha construción con saída á estrada Fene-Magalofes por Lubián.

O interesado foi notificado por edicto no BOE o 28.03.2022.

INFORME REDACTOR:

C-0
06E
150
P-
F:
CL

1. As parcelas estaban en terreos clasificados como solo non urbanizable de cultivos con tolerancia de edificación SNU-C no PXOU-1985 e están actualmente en terreos clasificados como solo rústico apto para urbanizar (SRAU). Polo tanto o réxime urbanístico de aplicación nesta parcela segundo a disposición transitoria primeira 2b) da LSG é o do solo rústico. O acceso prodúcese polo sur a través dunha vía de servizo sen pavimentar que nin sequera aparece no catastro, polo cal carecen de acceso adecuado, no que, por suposto, non existen os servizos existentes no núcleo.

En base ao anterior compre considerar que as parcelas non teñen antecedentes de delimitacións anteriores, carecen de acceso rodado de uso público e non están integradas nos servizos existentes no núcleo, polo tanto, non se pode informar favorablemente a solicitude de cambio de clasificación de solo rústico a solo de núcleo rural.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **desestimación** da alegación.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor.

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de non aceptación.

37.- Alegación presentada por Leticia Trillo González, en representación de Eladio Trillo Trillo o 07.04.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000889) na que alega que se axuste o límite leste do núcleo na zona da parcela ata o límite da mesma xa que con elo non se afecta á consolidación do núcleo e que se reaxusten as aliñacións do novo vial así como a anchura do mesmo e pase de 8m. a 6 m. ou que se manteña a aliñación da vivenda invadindo parte da vía. A alegación está presentada en prazo, xa que recibiu a notificación individual o 11.02.2022.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela está en terreos clasificados en parte no documento aprobado inicialmente como solo de núcleo rural común de grao 1, ten unha superficie de 1256 m² e unha profundidade duns 42 metros. Tendo en conta estes datos, a inclusión da totalidade da parcela no núcleo semella adecuada en non implica un maior fraccionamento xa que non se posibilitan novas segregacións. Polo tanto pódese acceder ao solicitado.

2. Considerando o tratamento que se da a outras edificacións que “invaden as aliñacións establecidas na MP”, óptase pola solución alternativa á diminución do ancho entre aliñacións que se da na propia alegación. Esta solución consiste en establecer unha dobre aliñación na vivenda existente na parcela, a normal que coincide coa liña de edificación que da fronte ao vial e a regularizada situada a uns 4,00 metros do eixo do camiño.

PROPOSTA REDACTOR:

1. A aceptación da alegación 1 no senso de incluír a totalidade da parcela no núcleo rural de O Piñeiro.
2. A aceptación da alternativa segunda que se propón na alegación para as aliñacións. Establécese unha dobre aliñación, a aliñación normal coincidente coa liña de edificación da vivenda existente e a aliñación regularizada no caso de substitución da vivenda existente e para o resto da parcela.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o indicado polo redactor.

Non supón supón a alteración morfolóxica forzada do núcleo, nin expansión do mesmo cara novos eixos, nin inclusión de parcelas ou zonas sin relación funcional.

A forma proposta da parcela trala inclusión, en consoancia coa forma da parcela colindante ao Oeste establece formas máis coherentes coa realidade existente (forma do parcelario)

O concepto de aliñación regularizada e aliñación normal foi incluído na normativa da MP, polo tanto é aceptable.

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de aceptación desta alegación.

C-0
09E
150
P-
E:
CI

38.- Alegación presentada por Leticia Trillo González o 07.04.2022 (registro xeral de entrada núm. 202299900000890) na que alega:

- Que a parcela ubicada no asentamento de Lubián, con referencias catastrais 15036A013006110002IK e 15036A013006110001UJ sexa incluída no tipo básico de núcleo rural tradicional, se modifique a identificación en planos e se establezan as condicións da ordenanza, por tratarse dun asentamento de carácter fundacional situado na zona sur do núcleo, cunha vivenda de antigüidade de 122 anos segundo certificación catastral e cuxa existencia constatase nas imáxenes do voo americano serie B 1956-57.

- Que a parcela ubicada no asentamento de Lubián, de 772m², con referencia catastral 15036A013006120000YW sexa incluída íntegramente no tipo básico de núcleo rural tradicional, se modifique a identificación en planos e se establezan as condicións da ordenanza, por tratarse dunha parcela colindante cun asentamento de carácter fundacional situado na zona sur do núcleo e así obter unha parcela cunha única clasificación urbanística.

- Que a parcela ubicada no asentamento de Lubián, con referencia catastral 15036A013006090000YW sexa incluída íntegramente no tipo básico de núcleo rural tradicional, se modifique a identificación en planos e se establezan as condicións da ordenanza, por tratarse dunha parcela integrada na zona sur do núcleo, colindante con parcelas incluídas no tipo básico de núcleo rural tradicional e así obter unha parcela cunha única calificación.

A alegación foi presentada en prazo, xa que recibiu a notificación individualizada o 08.02.2022.

INFORME REDACTOR:

1. As parcelas obxecto da alegación están clasificadas no documento aprobado inicialmente como solo de núcleo rural agás un anaco da que ten a referencia catastral 15036A013006120000YW. A que ten a dobre referencia catastral na que se sitúa a vivenda está en terreos clasificados como solo de núcleo rural común (SNRC) e a que ten a referencia catastral 15036A013006090000YW ten unha parte en solo de núcleo rural común e outra en solo de núcleo rural tradicional (SNRT).

Segundo o catastro a edificación existente foi construída no ano 1900 e efectivamente aparece no voo americano, aínda que foi reformada no ano 2010. Por outra banda compre considerar que as parcelas situadas na "mazá" ou zona na que se sitúan as parcelas incluíronse no tipo tradicional.

Tendo en conta que a zona da parcela 15036A013006120000YW non incluída na delimitación ten escasamente uns 280 m², que o fondo non é desproporcionado, a antigüidade das edificacións existentes nas parcelas e o tipo de núcleo no que están incluídas as parcelas da mesma zona, pódese acceder ao indicado nas alegacións.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. A **aceptación** das alegacións no senso de cualificar a parcela con ref. catastrais 15036A013006110000IH e 15036A013006110001UJ como solo de núcleo rural tradicional.
2. A **aceptación** das alegacións no senso de clasificar a totalidade da superficie da parcela con referencia catastral 15036A013006120000YW como solo de núcleo rural de tipo tradicional.
3. A **aceptación** das alegacións no senso de clasificar a totalidade da superficie da parcela con referencia catastral 15036A013006090000YW como solo de núcleo rural de tipo tradicional.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Efectivamente a construción se encontra xa rexistrada no Voo Americano do 1956-57. Considerando as referencias que fai o redactor, e a falta de confirmar que a reforma levada a cabo no 2010 non

eliminou os valores tradicionais da construción, é pertinente aceptar a inclusión en S.N.R.T. As restantes parcelas establecen un contorno en torno á edificación que, en coherencia co parcelario existente e para evitar perímetros do ámbito do SNRT excesivamente recortados, é lóxico incluír.

Non obstante, obsérvase que **na ficha 02 LUBIÁN: Voo 1956 e ORTOFOTO PNOA10 do documento da MP 02.AMAPDNR a construción segue aparecendo clasificada como CONTEMPORÁNEA.**

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de aceptación desta alegación, coas correccións indicadas.

39.- Alegación presentada por Jaime Fontenla Seijo e Teresa M^a Anca Ardao presentada o 13.04.2022 (registro xeral de entrada núm. 20220000001463) con selo de Correos e Telégrafos do 11.04.2022, na que alega que se inclúan as parcelas con referencias catastrais 8818419NJ6181N0001MP, 8818411NJ6181N0001BP, 8818418NJ6181N0001FP, 8818416NJ6181N0001LP e 8818415NJ6181N0001PP na delimitación do núcleo rural de O Redondo.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela con referencia catastral 8818416NJ6181N na que se localiza unha vivenda tradicional e outras edificacións auxiliares xa está clasificada na MP aprobada inicialmente como solo de núcleo rural de tipo tradicional.

2. As parcelas estaban en terreos clasificados na súa meirande parte no PXOU-1985 como solo non urbanizable con protección especial de "praias". No PXOM-2003 vixente as parcelas están en terreos clasificados como solo urbano, a que ten a referencia catastral 8818416NJ6181N0001LP está cualificada como "rueiro" (R), as 8818411NJ6181N e 8818415NJ6181N están cualificadas como unifamiliar de grao 2 (U-2) e o resto como parques públicos (PP).

O acceso ás parcelas sen edificación semella que se produce a través dun estreito rueiro peonil paralelo ao río Magalofes incluído no dominio público do río, que non permite o paso de vehículos e, por suposto, non existen servizos urbanísticos ademais a zona inmediata ao río Magalofes está incluída nun corredor ecolóxico.

En base ao anterior compre considerar que as parcelas non incluídas na delimitación do núcleo proposta no documento de aprobación inicial carecen de acceso rodado de uso público e non están integradas nos servizos existentes no núcleo, polo tanto, non se pode informar favorablemente a solicitude de inclusión das parcelas no núcleo rural agás a que ten a vivenda tradicional.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse a **desestimación** da alegación no referente á inclusión no núcleo rural de O Redondo das parcelas con referencias catastrais 8818419NJ6181N0001MP, 8818411NJ6181N0001BP, 8818418NJ6181N0001FP, e 8818415NJ6181N0001PP.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor.

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta de non aceptación.

40.- Alegación presentada por María Cabalar Anca o 13.04.2022 (registro xeral de entrada núm. 202200000001464) con selo de Correos e Telégrafos do 11.04.2022, na que se alega que se axuste o límite do núcleo ao fondo das parcelas con referencias catastrais 15036A010005680000YM e 15036A010005690000YO.

INFORME REDACTOR:

1. A parcela con referencia catastral 15036A010005680000YM ten unha superficie de 11.393 m² e un fondo de 128 metros respecto da vía coa que linda polo sur e de mais de 85 metros pola que a delimita polo oeste. A parcela con referencia catastral 15036A010005690000YO na que xa existe unha vivenda, ten unha superficie de 6724 m² e unha profundidade case que de 125 metros respecto do vial de acceso polo sur.

E dicir trátase en ámbolos dous casos de parcelas de grande superficie e fondo excesivo para incluílas na súa totalidade dentro da delimitación do núcleo rural, porque daría lugar a excesiva fragmentación das parcelas do núcleo rural. Non obstante, regularizouse a delimitación da parcela catastral 15036A01000568, aliñándose coa proposta para a parcela 15036A01000569, deste xeito, a primeira é susceptible de ser dividida en dúas.

PROPOSTA REDACTOR:

En base aos argumentos indicados no apartado precedente propónse:

1. A **desestimación** das alegacións no senso de facer coincidir o límite norte do núcleo coas parcelas con referencias catastrais 15036A010005680000YM e 15036A010005690000YO.
2. A **aceptación parcial** da alegación referente á parcela con ref. cat. 15036A010005680000YM prolongando un anaco o fondo da delimitación cara o norte.

INFORME TÉCNICO/XURÍDICO:

Suscríbese o informado polo redactor.

Considérase axeitada e suficientemente xustificada a proposta do redactor.

O 22.11.2022 e rexistro xeral de entrada na sede electrónica núm. 202299900003161 Alfredo Garrote Pazos presenta documentación para a aprobación provisional e informe das alegacións presentadas asinado por Alfredo Garrote Pazos e Sara Prieto Hortas o 21.11.2022.

Consta no expediente informe conxunto asinado polo ECCP municipal e a secretaria municipal o 29.12.2022, que conclúe:

“CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación puntual do Pxom-delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro coa estimación das alegacións presentadas conforme ao informado polo redactor da modificación, agás o referido ás seguintes salvedades:

-Considérase que a estimación das seguintes alegacións que se citan requiren de ACLARACIÓNS/MAIOR XUSTIFICACIÓN/CONSULTA: 3, Grupo “As Queiras” (4, 13, 16, 17, 24, 26, 28, 33, 34, 35), Grupo bolsa Oeste “Os Buios” (12, 18, 19, 20, 21, 22, 27 ,31), 14, 25, tal e como se considera e xustica no punto IV deste informe.

-Conviña incluír os planos de afección da normativa de Montes e de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia indicada no informe do Servicio de Montes da Coruña.”

Á vista do que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar integramente, estimar parcialmente e desestimar as alegacións presentadas no trámite de información pública relativo á aprobación inicial da modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro conforme ao informado polo equipo redactor ao respecto das alegacións presentadas no seu informe de data 21.11.2022 segundo se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (Arq. Col. 1440 COAG) e Sara Prieto Hortas (Arq. Col. 5012 COAG).

Terceiro.- Remitir o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva no prazo de tres meses, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo (artigo 78.2c) da LSG).

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey. ”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 13 votos a favor (5 do grupo do BNG, 5 do grupo do PP, 2 do grupo Socialista e 1 do grupo Mixto) e 1 abstención do concelleiro do grupo do PP Gumersindo Pedro Galego Feal (por incorrer en causa de abstención conforme ao artigo 23 da Lei 40/2015).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Estimar integramente, estimar parcialmente e desestimar as alegacións presentadas no trámite de información pública relativo á aprobación inicial da modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro conforme ao informado polo equipo redactor ao respecto das alegacións presentadas no seu informe de data 21.11.2022 segundo se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (Arq. Col. 1440 COAG) e Sara Prieto Hortas (Arq. Col. 5012 COAG).

Terceiro.- Remitir o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva no prazo de tres meses, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo (artigo 78.2c) da LSG).

As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**0ce1e3c7951ceabdf3ff0a2ee7f9a04c0bf8ae63a3826592a9d35756f732a2d
fc50d34759d8c75fd7a5765a291826f024c9c4235aa520fd6de01a797afae55**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.42 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-0
09E
150
P-
E:
CL



Dilixencia: acta aprobada na sesión ordinaria do 02.02.2023
A secretaria
Estefanía Manteiga Lamas

C.I.
F:
P:
150
360
0-G